




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 PSP	Documento 21115I055F	
Código de verificación  0605 2D1X 0V2O 3I31 01TI	Expediente 211/2021/550	
	Fecha 28-10-2021	

Tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Avaliación e o informe de data 28.10.2021 do Servizo Municipal de Deportes e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvo:

## DECRETO

**Primeiro.-** Logo de ver a proposta formulada pola Mesa de Avaliación, aprobar a distribución provisional das horas de uso das instalacións deportivas municipais xestionadas directamente polo Concello da Coruña de acordo coa convocatoria pública do día 07.07.2021.

A distribución das horas de uso está detallada no Anexo que se achega a esta resolución provisional formando parte dela, que consta de 22 páxinas comezando polo uso da Pista Central do Palacio dos Deportes de Riazor por parte do Club Basquet Coruña SAD na páxina 5 e finalizando polo uso do Polideportivo IES Puga Ramón (Deputación da Coruña) por parte do club Asociación A.A. Colegio Santo Domingo na páxina 26.

O prazo de vixencia da distribución de usos está contemplado na propia convocatoria e na acta da mesa de avaliación de data 26.10.2021.

**Segundo.-** Condicionar a distribución das horas de uso aos termos descritos nas bases reguladoras da presente convocatoria:

I. No caso dos usos dirixidos a adestramentos de carácter federado: reservaranse as horas para as entidades enumeradas no Anexo que se achega sen que sexa necesario o pago de ningunha taxa por non estar suxeitos ás tarifas establecidas na Ordenanza Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

II. No caso dos usos dirixidos á realización de adestramentos non federados ou actividade física: reservaranse as horas numeradas no Anexo que se achega condicionadas a que a entidade realice o pago das taxas establecidas na Ordenanza Fiscal número 15 do Concello da Coruña nos prazos sinalados

O dito pago débese facer cunha antelación mínima de un mes á data en que se queira utilizar a instalación. Se cando falte menos de un mes non se realizou o pago, o Concello da Coruña poderá alugar as horas de uso que lle foron concedidas.



As entidades que solicitaron o uso de instalacións para actividade física e que deben pagar a taxa son as seguintes:

Club Osmo

Asociación Deportiva Punteirolo

Colegio Cervantes Coruña SL

Ge-Diaulo SL

Lecer Formación SLU

Asociación Deportiva NEMOMEM

Os Maiores de Telefónica

Asociación Deportiva Campus

Asociación Vecinal, Cultural e Deportiva Los Rosales

III. A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual, de forma motivada, dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades da Concellaría de Deportes ou no seu caso, da Universidade da Coruña e da Deputación da Coruña, sen que a entidades afectada teña dereito a ningunha compensación, como así establece a base 10.a da convocatoria de usos.

IV. A distribución dos usos non faculta á entidade para a realización dunha competición deportiva nin para cambiar o tipo de uso.

V. As entidades que teñen outorgado horas de uso nas instalacións deportivas municipais deberán cumprir co previsto na convocatoria reguladora dos usos.

Asimesmo, deberán respectar as horas de uso establecidas neste Anexo, onde se restaron 5 minutos da hora de saída para non coincidir cos equipos entrantes.

En todo caso, quedará totalmente prohibido que un equipo entre nunha instalación deportiva se o equipo saínte aínda non abandonou a zona de adestramento.

VI. Estará prohibida a infrautilización das horas de uso das instalacións deportivas municipais, como así se establece na base 10.g da convocatoria.

**Terceiro.-** A presente resolución terá o carácter provisional e notificarase aos interesados mediante anuncio público no taboleiro de Edictos do Concello da Coruña sito no Palacio Municipal, nos de anuncios do servizo municipal de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor, Polideportivo Municipal do Barrio das Flores, Cidade Deportiva da Torre Arsenio Iglesias) e na web municipal de deportes [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e contra a mesma ábrese un prazo de alegación de 10 días naturais que se contarán a partir do día seguinte da súa publicación.

A pesar do carácter de provisional, tendo en conta que xa comezou a tempada de adestramentos e que se causaría un prexuízo ás entidades demandantes de horas de uso no caso de demorar mais a eficacia da dita resolución, permíteselle ás entidades que así o desexen incorporarse aos adestramentos, de forma paulatina, en función dos usos propostos, sempre e cando presenten por rexistro a



documentación requirida na base 9.4 da convocatoria, coa advertencia de que se se presentan alegacións poden dar lugar a un cambio no reparto das horas de uso.

No caso de que transcorrido o prazo de alegacións non se formulara ningunha, esta resolución provisional pasará a ter o carácter de definitiva.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa p.d.

A concelleira delegada de Deportes (BOP número 124, do 03.07.2019)

Mónica Martínez Lema